



Avisos Varios

*O próximo 23 de novembro de 2010 estará o equipo de renovación de DNI en Arzúa os interesados en renovalos este día deberan inscribirse o 8 de novembro no Concello de Arzúa telf.: 981 81 50 01.

Débese chamar a primeira hora da mañá xa que as prazas son moi reducidas e logo se esgotan.

Servizo de Normalización

***Cursos Celga**

O prazo para inscribirse nos exames de galego "Celga" (antigos iniciación e perfeccionamento) remata o día 8 de outubro. Quen queira presentarse pode pasar polo Concello a realizar a inscrición que lles será facilitada.

Aquelas persoas interesadas en presentarse e que necesiten axuda para preparalos pregunten no Concello onde se lles facilitará o material e a atención necesaria.

***Recompilación de Lendas**

Dende o Servizo de Normalización Lingüística (S.N.L.) quérese levar a cabo unha recompilación de lendas, contos e mitos do Concello. Se alguén

está interesado en colaborar pode pasar polo Concello e preguntar por Silvia.

***Servizos aos veciños.**

Recórdaselles aos veciños que o S.N.L. colabora cos veciños, asociacións e empresas do Concello na corrección e tradución de textos en galego. Todos os interesados en facer uso deste servizo pódense poñer en contacto coa normalizadora que de bo grado lles axudara coas dúbidas que poidan ter.

Centro de Maiores

***Revisión Dental.**

O Concello ben de xestionar un acordo coa Clínica Dental de Boimorto polo que esta oferta facer revisións gratuítas de dentadura as persoas maiores de 60 anos interesados.

Este servizo levarase a cabo na clínica sita xunto ó Banesto todos os Luns en horario de 10:30h. a 13:00h. Para máis información e solicitude de cita diríxanse ó Centro de Maiores.

*A partir do 4 de outubro no Centro de Maiores vanse levar a cabo as seguintes actividades:

-Luns: Alfabetización de Adultos e Taller de Calceta e labor de Gancho (Ganchillo).

-Martes: Ximnasia para a Terceira Idade e Teatro.

-Mércores: Alfabetización de Adultos e Taller de Calceta e labor de Gancho (Ganchillo).

-Xoves: Taller de Memoria e Teatro.

-Venres: Ximnasia para a Terceira Idade e Taller de Calceta e labor de Gancho (Ganchillo).

Anotarse no Centro de Maiores (981.51.65.20).

Cultura e Deportes

***Teatro: "Papá Querido"**

Divertida e irónica comedia na que se reflexa o encontro de catro irmáns que non se coñecen. Dito encontro ten lugar durante o velorio do pai.

A obra é apta para todos os públicos e representarase o **16 de outubro na Casa da Cultura de Boimorto a iso das 9 da noite.**

***Adianto programación Novembro:**

-**Mes máximo.** Todo os sábados do mes de novembro ás 9 e media da tarde haberá actuacións de maxia na Casa da Cultura. Ven a pasalo ben nas noites de maxia en directo.

***Liga Galega de Clubs de Tiro con Arco**

O 16 de outubro de 2010 ás 17:00 h. celebrarase no Pavillón Polideportivo a Liga Galega de Clubs

de Tiro con Arco.

Esta competición será aberta ao público e constitúe unha oportunidade única de ver ós mellores tiradores da Comunidade competindo nas distintas categorías. Haberá entornos a 70 participantes que se turnarán en tiradas a 18 m.

***Ximnasia nas parroquias:** O luns 4 de outubro de 2010 darán comezo as clases de ximnasia polas parroquias.

Os horarios serán os seguintes:

-**Luns e Mércores:** 19:00h a 20:00h en Corneda, 20:00h a 21:00h en Os Ánxeles e de 21:00h a 22:00h en Boimorto.

-**Martes e Xoves:** 18:45h a 19:45h en Arceo e de 20:00h a 21:00h en Rodieiros.

IV Carreira Pedestre

*Os resultados na Xeral Absoluta foron os seguintes:

Homes:	Tempos
-1º Gustavo Platas Vidal	20:41
-2º Robertas Geralavicius	20:42
-3º Ivan Iglesias Carballo	20:53
Mulleres:	
-1ª Paula Mayobre Gonzalez	22:23
-2ª Marta Fernandez Otero	23:13
-3ª Mª Jesús Gestido Rodez.	23:56

Mellor Clasificado Local:

Mulleres: deserto.

Homes: Luis Alfonso Novo Veiga 22:25

Unha mención especial merecen os atletas locais: Pedro Joel Palmero Sánchez e Oscar Manuel Cajide Paz gañadores nas súas respectivas categorías.
